Nome da parroquia: Sacos (San Xurxo) **Código: 10**

Delimitación:

Situada no noroeste do concello, a parroquia de San Xurxo limita ao norte e ao oeste co concello de Campo Lameiro, ao leste coa parroquia de Santa María de Sacos e ao sur coas parroquias de Santiago de Viascón e San Miguel de Carballedo.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño grande e unha forma que se pode asimilar a un rectángulo en sentido este a oeste, cunha parte que sobresae cara o norte, cara a marxe setentrional do río Lérez.

En canto á topografía, sempre en pendente, ben definida polo río Lérez, a liña que define as cotas máis baixas da parroquia, e os montes que o encerran. O Lérez atravesa a parroquia de leste a oeste dividíndoa en dúas partes, unha norte e de menor tamaño, que vai gañando altura dende o río ata o límite municipal co concello de Campo Lameiro e alcanzando cotas superiores aos 300 metros e, por outra banda, a parte sur, de maior tamaño e que vai aumentando de altitude a medida que nos separamos do río e cara o sur. Nesta marxe do río, chéganse a alcanzar cotas próximas aos 600 metros preto do límite coa parroquia de Carballedo, no Monte Arcela ou na zona de O Merendeiro.

O xa mencionado río Lérez e rego da Veiga Grande son os cursos de auga máis relevantes de San Xurxo. O primeiro, como xa se citou anteriormente, atravesa a parroquia de leste a oeste, e o segundo nace ao pé do lugar de A Longa e vai cara o norte ata chegar ao Lérez.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Xurxo de Sacos está composta por once núcleos recoñecidos, asentados ao longo de toda a parroquia e comunicados principalmente pola estradas N-541, PO-231 e PO-232. A estrada N-541é a máis importante vía de todo o concello e dá acceso directamente a parte dos núcleos da parroquia. Desta estrada, parten as vías PO-231 e PO-232 que comunican o centro da parroquia coa parte norte e a parte sur.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que hai dous grupos ben diferenciados, por unha banda os moi pequeno como é o caso dos núcleos de A Calva da Viña, O Lombo do Muíño ou A Igrexa, sendo o máis pequeno o lugar de Mirón formado soamente por catro vivendas tradicionais. De maior tamaño son os núcleos de Barbeitos, Cuspedriños, Cutián, Fentáns, Fontán, A Longa e O Outeiro, que se poden considerar de tamaño medio.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, como son os lugares de Barbeitos, A Calva da Viña ou A Longa, e un segundo modelo formado por un asentamento principal de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros, que pode ir acompañado de rueiros ou agrupacións secundarias de vivendas. Seguen este modelo, aínda que con matices, os lugares de Fontán, A Igrexa ou o Outeiro. Casos especiais son os de Cuspedriños e Cutián ao estaren compostos

por dous asentamentos ben diferenciados, no caso de Cutián de diferente tamaño, e no caso de As Cortiñas dun tamaño similar.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou mediano tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

A zona da parroquia na que se construíu un maior número de vivendas modernas, unhas dez vivendas, está situada ao longo da estrada N-541, asentadas nos núcleos de A Longa e Barbeitos. Outra zona con importante desenrolo residencial estaría situada no lugar de Cuspedriños, onde se construíron un total de seis vivendas modernas.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estrictamente residencial.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de A Calva Viña, A Igrexa, O Lombo do Muíño, Mirón e O Outeiro. Ten a clasificación de **núcleo rural común** o lugar de A Longa. Por último, teñen a clasificación de **núcleo rural complexo** os lugares Barbeitos, Cuspedriños, Cutián, Fentáns e Fontán.

Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar a reitoral, a igrexa e o antigo cemiterio de Sacos, os pazos de Bermúdez de Castro e de Monteagudo, e os cruceiros e petos de ánimas espallados pola parroquia.

As vivendas de nova construcción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai casos nos que se emprega o perpiaño en fachada.


SACOS (SAN XURXO)
SACOS (SANTA MARÍA)
CORREDOIRA
CARBALLEDO
VIASCON
CAROI
LOUREIRO
REBORDELO
TENORIO
VALONGO
BORELA
ALMOFREI
AGUASANTAS

10.05- FENTÁNS

10.04- CUTIÁN

10.11- OUTEIRO (O)

10.01- BARBEITOS

10.06- FONTÁN

10.07- IGREXA (A)

10.10- MIRÓN

10.08- LOMBO DO MUIÑO

10.02- CALVA DA VIÑA

10.09- LONGA (A)

10.03- CUSPEDRIÑOS

13.01- ATALAIA (A)

13.05- CASTRO (O)

13.02- BOUZA (A)

13.11- VALIÑO (O)

13.07- COSTIÑA (A)

codificación

- vivenda tradicional
- alpendre tradicional
- equipamento
- hórreo moderno
- granxa
- vivenda moderna
- alpendre moderno
- hórreo tradicional
- nave industrial / terciario

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documentación complementaria do documento de inicio

Concello de Colobade

modelo de asentamento poboacional

San Xurxo de Sacos (San Xurxo)

M-1.10(a)

novembro 2010

escala: 1/5.000

NÚCLEO	BARBEITOS	NÚMERO	10.01	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no noroeste do Concello, núcleo no este da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, pero fortes nalgún tramo, e a orientación norte.
	Poboación	98
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso por zonas aínda que moi variable.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada N-541 e da rede terciaria.	
	Estado: Acceso bo, ancho e co asfalto nun estado aceptable. Vías interiores estreitas con asfalto antigo ou renovado nunhas zonas e formigón en mal estado, en xeral, por outras. Beiravías por tramos.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moi variable coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño asentado ao pé da estrada N-541, basicamente na marxe norte, e apoiado nun camiño principal paralelo á estrada nacional e un ramal que rodea un outeiro de xeito circular, e sobre os que se apoian as vivendas tradicionais. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, formando grupos de vivendas entre medianeiras ou lixeiramente separadas entre si.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada cara o nordeste, apoiado no ramal circular.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A destacar o número de vivendas restauradas ou en fase de restauración neste lugar. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas con perpiaño en fachada.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e cuberta a dúas augas de tella, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	68	57	11	5	44

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	parcial	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m²
		Antigo cuartel da Garda Civil	
		Local de Medio Rural	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Pombal	
		Casa de Teresa do Río	
		Pazo de Bermúdez de Castro	
		Potádego da parcela dos Cubos	

NÚCLEO	BARBEITOS	NÚMERO	10.01	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Barbeitos, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.

Fotografía aérea de Barbeitos.

NÚCLEO	A CALVA DA VIÑA	NÚMERO	10.02	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no noroeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente moderadas. Orientación principal suroeste.
	Poboación	10
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa N-541.	
	Estado: Accesos estreitos e con asfalto antigo e deteriorado. Sen beiravías e sen pintar. Vías interiores estreitas con asfalto en bo estado por unhas zonas e formigón en mal estado por outras.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da división das anteriores. A ocupación é importante, aínda que moi variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por seis vivendas tradicionais e asentado ao longo dun camiño que se adapta á topografía para evitar as fortes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si.
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	17	17	-	-	40

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	parcial	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	A CALVA DA VIÑA	NÚMERO	10.02	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Calva da Viña, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional.**

Fotografía aérea de A Calva da Viña.

NÚCLEO	CUSPEDRIÑOS	NÚMERO	10.03	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no noroeste do Concello, núcleo no sur da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente moderadas, e as orientacións sur e oeste.
	Poboación	96
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro aínda que variable.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-232.	
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto antigo e deteriorado que comeza a fallar. Vías interiores estreitas en xeral, aínda que con tramos amplos, con formigón e asfalto moi deteriorado por zonas.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa ou moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construcción teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio formado por dúas agrupacións principais de vivendas asentadas ao pé da estrada PO-232 e dous rueiros próximos. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, formando un núcleo de límites claros aínda que pouco denso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparece o hórreo. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en "L", ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. .	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e a cuberta a dúas augas con tella. Están colocados nos arredores da vivenda. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	59	52	7	-	59

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal / concello	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m²
		Área recreativa Cuspedriños	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Capela da Virxe do Carme	
		Carballeira da capela da Virxe do Carme	
		Cruceiro da capela da Virxe do Carme	
		Fonte da capela da Virxe do Carme	
		Peto da Virxe do Carme	
		Recinto da Feira de Cuspedriños	

NÚCLEO	CUSPEDRIÑOS	NÚMERO	10.03	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Cuspedriños, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural complexo**.

Fotografía aérea de Cuspedriños.

NÚCLEO	CUTIÁN	NÚMERO	10.04	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no noroeste do Concello, núcleo no oeste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e moderadas, puntualmente fortes, e a orientación este.
	Poboación	115
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso en xeral.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-231 e da rede terciaria.	
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar, sen beiravías e pintado. Vías interiores estreitas con asfaltado recente por tramos e zonas con formigón e asfalto moi deteriorados.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construcción teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	92	87	5	-	211

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	municipal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Pazo de Monteagudo	
		Casa Torre de Casás	
		Cruceiro de Barral	
		Cruceiro de San Martiño	
		Fonte	

NÚCLEO	CUTIÁN	NÚMERO	10.04	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Cutián, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural complexo**.



Fotografía aérea de Cutián.

NÚCLEO	FENTÁNS	NÚMERO	10.05	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, puntualmente fortes e a orientación suroeste.
	Poboación	73
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-230.	
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto nun estado mellorable. Vías interiores estreitas e co asfalto vello, deteriorado e con fochas por tramos. Zonas nas que o pavimento está en boas condicións.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio organizado ao redor da estrada PO-230 e dun ramal con orientación oeste no que se poden distinguir dúas agrupacións de vivendas principais e no que a edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles, dando como resultado un núcleo bastante disperso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas, principalmente na periferia e ao pé dos camiños principais.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	66	63	-	-	183

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
		Parque infantil	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Capela da Virxe dos Remedios (Ermida de Lixó)	
		Cruceiro da capela da Virxe dos Remedios (Ermida de Lixó)	
		Fonte e peto da capela da Virxe dos Remedios (Ermida de Lixó)	

NÚCLEO	FENTÁNS	NÚMERO	10.05	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Fentáns, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural complexo**.

Fotografía aérea de Fentáns.

NÚCLEO	FONTÁN	NÚMERO	10.06	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominan as zonas horizontais con zonas de pendentes máis importantes.
	Poboación	44
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa N-541.	
	Estado: Accesos estreitos co asfalto vello e deteriorado e con fendas por zonas. Sen beiravías. Vías interiores estreitas e, xeralmente, con pavimento de formigón en mal estado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da división das anteriores. A ocupación é bastante alta, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo organizado en torno a un punto central do que parten varios camiños que dan soporte ás construcións. Vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras conformando un núcleo compacto no que as vivendas se agrupan formando pequenas mazás.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. O crecemento principal sitúase cara o norte do núcleo tradicional.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en "L", ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A maioría das vivendas novas teñen planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	37	30	7	-	78

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa reitoral de San Xurxo de Sacos	

NÚCLEO	FONTÁN	NÚMERO	10.06	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Fontán, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de Fontán.

NÚCLEO	A IGREXA	NÚMERO	10.07	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación noroeste.
	Poboación	12
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa N-541.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores moi estreitas co asfalto en bo estado por unhas zonas e antigo por outras. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del, teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño organizado en torno a un camiño principal no que as vivendas se asentan na marxe sur e a igrexa parroquial co cemiterio na marxe norte. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si e formando medianeiras, constituíndo un núcleo compacto e con límites definidos.
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, palleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. A maior parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	13	13	-	-	29

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cemiterio antigo de San Xurxo de Sacos	
		Igrexa parroquial de San Xurxo de Sacos	
		Muíño	

NÚCLEO	A IGREXA	NÚMERO	10.07	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Igrexa, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional**.

Fotografía aérea de A Igrexa.

NÚCLEO	O LOMBO DO MUÍÑO	NÚMERO	10.08	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, pero puntualmente fortes, e a orientación norte.
	Poboación	17
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa N-541.	
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar, sen beiravías e pintado. Vías interiores estreitas, en xeral, con pavimento de formigón en mal estado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da división das anteriores. A ocupación é bastante baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo moi pequeno formado por oito vivendas tradicionais apoiadas nun camiño principal e separadas entre si. Vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas de outras conformando un núcleo dobre compacto.
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	9	9	-	-	19

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Muíño	

NÚCLEO	O LOMBO DO MUÍÑO	NÚMERO	10.08	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Lombo do Muíño, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional.**



Fotografía aérea de O Lombo do Muíño.

NÚCLEO	A LONGA	NÚMERO	10.09	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro e cara o suroeste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación norte.
	Poboación	60
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada N-541.	
	Estado: Acceso bo, ancho e co asfalto nun estado aceptable e con beiravías por tramos e pintado. Vías interiores estreitas con asfalto ou formigón antigo e deteriorados, en xeral.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e máis as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño apoiado na estrada N-541 e que se estende por varios camiños ata a estrada PO-231. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, formando un núcleo disperso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras na periferia do núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, palleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, frontais de pedra e a cuberta a dúas augas con tella. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	20	13	7	2	71

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	municipal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	A LONGA	NÚMERO	10.09	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Longa, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de **núcleo rural común.**

Fotografía aérea de Mos.

NÚCLEO	MIRÓN	NÚMERO	10.10	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente fortes, e da orientación norte.
	Poboación	Sen datos
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-231	
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar, sen beiravías e pintado. Vías interiores moi estreitas con pavimento de formigón moi deteriorado en con fochas.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por catro vivendas asentado ao longo dun camiño que parte da estrada PO-231. Tres das vivendas sitúanse agrupadas formando medianeiras. A edificación e as construcións auxiliares está, en xeral, á beira dos camiños.
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan reformas de vivendas tradicionais.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular, desenvolvemento vertical relevante, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreo, tamén de pedra e madeira, soen ten dous tramos apoiados sobre cepas, frontais de pedra con rañuras, a cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara por un lateral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	4	4	-	-	7

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	municipal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruceiro de Mirón	

NÚCLEO	MIRÓN	NÚMERO	10.10	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Mirón, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de Mirón.

NÚCLEO	O OUTEIRO	NÚMERO	10.11	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no oeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e tramos horizontais, e a orientación norte.
	Poboación	53
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa N-541.	
	Estado: Accesos moi estreitos e con asfalto deteriorado. Vías interiores estreitas con firme antigo e tramos bastante deteriorados e con fochas.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada ou alta, aínda que variable,coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e máis as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por unha agrupación principal de vivendas ao pé dun camiño con varios ramais e dous rueiros situados cara o norte. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, formando un núcleo compacto e con límites bastante claros.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras na periferia do núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	35	34	1	1	84

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	parcial	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:	SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa de Espinosa	

NÚCLEO	O OUTEIRO	NÚMERO	10.11	PARROQUIA	SACOS (SAN XURXO)

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Outeiro, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de O Outeiro.